

RESOLUCIÓN DO 17 DE XULLO DE 2023, DA AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS, POLA QUE SE APROBAN AS BASES REGULADORAS DO PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN DE DEZ PROXECTOS MUSICAIS PARA A CONTRATACIÓN DE DEZ *SHOWCASES* NO MARCO DO FOCUS GALICIA 2023

A Axencia Galega das Industrias Culturais, en adiante Agadic, ten entre os seus fins o impulso e a consolidación do tecido empresarial no sector cultural galego, cooperando na achega de factores produtivos, no fomento da oferta de bens e servizos e na asignación de ingresos suficientes e estables. En consonancia con isto, a Agadic promoverá a distribución e comercialización de produtos galegos dentro e fóra do país, facilitando o acceso da cultura galega a novos mercados internacionais.

FOCUS GALICIA é un evento experiencial de identificación da música e o territorio onde se desenvolve. Este evento ten a dobre misión de acadar un mellor posicionamento, promoción e difusión internacional dos artistas musicais galegos e potenciar a internacionalización da música actual de Galicia desde o seu contexto territorial.

FOCUS GALICIA consiste na realización dun conxunto de actividades entre as que se inclúe un programa de *showcases* de diferentes artistas de Galicia, que exhibirán a súa obra ante programadores dos festivais musicais máis importantes do mundo.

Para dar visibilidade á interacción da nosa música co noso territorio, FOCUS GALICIA celebrárase en distintas localizacións da nosa xeografía que lles achegarán valor engadido ás propostas musicais, logrando un escaparate perfecto para difundir a creatividade musical dos artistas participantes.

Con esta finalidade, Agadic, a través dunha comisión técnica profesional, realizou a selección dos 25 programadores invitados a FOCUS GALICIA entre os máis importantes do mundo, polo que, cómpre a realización da selección de dez proxectos musicais, mediante convocatoria pública, para a súa contratación cara á exhibición nos *showcases*.

Polo exposto e de conformidade coas competencias atribuídas polo acordo do Consello Reitor, de 24 de xullo de 2012, publicado no DOG Núm. 164 de 29 de agosto de 2012, no que se delegan na persoa titular da Dirección da Agadic as competencias que como órgano de contratación corresponden ao Consello Reitor

RESOLVO:

Primeiro. Aprobar as bases reguladoras do procedemento de selección de dez proxectos musicais para a contratación, pola Axencia Galega das Industrias Culturais, de dez

AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES
Cidade da Cultura de Galicia, Monte Gaiás, s/n
15707 Santiago de CompostelaT. 881 99 60 77 / 78
agadic@xunta.gal / <https://industriasculturais.xunta.gal>



showcases no marco de Focus Galicia 2023.

Segundo. Ordenar a publicación na web da Axencia Galega das Industrias Culturais desta resolución e dos anexos que a acompañan.

Terceiro. Esta resolución terá efectos dende o día seguinte ao da súa publicación na web da Axencia Galega das Industrias Culturais.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, consonte á Lei 4/2008 do 23 de maio, de Creación da Axencia Galega das Industrias Culturais e a Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, poderanse interpor os seguintes recursos, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer calquera outro que consideren procedente:

a) Recurso potestativo de reposición ante o Director da Axencia Galega das Industrias Culturais O prazo para interpor o recurso de reposición será dun mes, contado desde o día seguinte ao da notificación da resolución, se o acto fose expreso ou desde o día seguinte a aquel en que se tivera producido o acto presunto. Transcorrido o dito prazo, unicamente se poderá interpor recurso contencioso-administrativo, sen prexuízo, de ser o caso, da procedencia do recurso extraordinario de revisión. Se o acto non fose expreso, o solicitante e outros posibles interesados poderán interpor recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

b) Recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución, se esta fose expresa, ou de seis meses contados a partir do seguinte a aquel en que se produza o acto presunto

Santiago de Compostela,

O director da Axencia Galega das Industrias Culturais

Jacobo Sutil Nesta



ANEXO I

BASES REGULADORAS DO PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN DE DEZ PROXECTOS MUSICAIS PARA A CONTRATACIÓN DE DEZ *SHOWCASES* NO MARCO DO FOCUS GALICIA 2023

1. Obxecto

O obxecto desta convocatoria é regular o procedemento de selección de dez artistas ou grupos musicais para participar en FOCUS GALICIA, evento organizado pola Agadic, que terá lugar do 22 ao 24 de outubro do 2023.

Con este procedemento preténdese impulsar a promoción e difusión da música de Galicia, mediante unha convocatoria pública dirixida a todo o sector musical, para que artistas ou grupos profesionais de música presenten os seus proxectos dos que serán seleccionados dez artistas ou grupos que desenvolverán dez *showcases* ante 25 programadores/as dos máis importantes do mundo.

2. Condicións para participar no proceso de selección

Poderán presentarse a esta convocatoria as persoas físicas ou xurídicas que cumpran os seguintes requisitos:

a) Ser profesional autónomo ou empresa do ámbito musical e estar dado de alta nalgunha das epígrafes do Imposto sobre Actividades Económicas (IAE) relacionadas coa actividade musical a contratar:

032: intérpretes de instrumentos musicais

033: actividades relacionadas coa música, cantantes

039: outras actividades relacionadas coa música n.c.o.p

b) Desenvolver a súa actividade maioritariamente en Galicia.

c) Estar ao día nas súas obrigas coa Facenda Pública estatal, coa Comunidade Autónoma de Galicia e coa Seguridade Social.

Non poderán presentarse a esta convocatoria:

a) As agrupacións de interese económico.

b) As asociacións ou outras formas xurídicas sen ánimo de lucro, as agrupacións de persoas físicas ou xurídicas que carezan de personalidade xurídica propia, tales como comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado.



c) As persoas ou entidades nas que conorra algunha das prohibicións establecidas no artigo 71 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Só se poderá presentar un proxecto por persoa física ou xurídica solicitante.

A inscrición nesta convocatoria supón a aceptación das bases.

3. Orzamento

A presente convocatoria ten un orzamento total máximo de 10.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 10.A1.432B.640.4, proxecto 2023 00001 dos orzamentos xerais da Axencia Galega das Industrias Culturais.

No caso de existiren solicitudes que non acadan o dereito a ser adxudicatarias por terse esgotado o orzamento dispoñible, pasarán a formar parte dunha lista de agarda constituída polas entidades solicitantes que poderían ser susceptibles de ser adxudicatarias, no caso de producirse algunha renuncia.

4. Solicitud, forma de presentación e prazo de presentación de solicitudes

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da solicitude xenérica PRO04A debidamente cuberta e asinada, que se pode descargar na seguinte ligazón: <https://sede.xunta.gal>.

O prazo de presentación de solicitudes será de dez días dende o día seguinte da publicación desta convocatoria na web da Agadic (<https://industriasculturais.xunta.gal/gl>).

5. Documentación a presentar polo solicitante

5.1. Anexo II. Solicitud de participación no procedemento.

O anexo II inclúe as seguintes declaracións responsables:

1. Que os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos, e acepta as condicións e obrigas recollidas nesta convocatoria.
2. Que reúne os requisitos sinalados no artigo 2 destas bases reguladoras.
3. Que non está incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 71 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.
4. Que é a titular lexítima de todos os dereitos de propiedade intelectual da obra e/ou proxecto musical que se presenta ou, se é o caso, que conta coa autorización correspondente para todos os efectos.



5. Que a obra que se presenta é orixinal (non é copia nin adaptación de outra), que non infrinxe dereitos de terceiros, nin sobre ela existen dereitos de publicación por parte de ningunha entidade.

6. No suposto de intérpretes, a declaración incluírá que posúe a autorización dos titulares da obra, para a comunicación pública dela mediante actuación musical, reprodución, comunicación e distribución pública.

7. As persoas integrantes do proxecto musical.

Documentación técnica

5.2. Memoria técnica do proxecto musical, máximo 2.000 caracteres Arial 11.

5.3. Memoria indicando as redes sociais do artista ou grupo, sinalando os enlaces e os seguidores.

5.4. Tres fotos en formato jpg.jpeg (300 ppp)

5.5. Rider técnico.

Cada solicitude deberá incluír toda a información solicitada e deberá aceptar que a Agadic poida distribuír o material e a información aportada nesta convocatoria, con fins exclusivamente promocionais.

6. Comisión de valoración.

Para a avaliación dos proxectos presentados constituirase unha comisión de valoración, nomeada polo director da Agadic, presidida pola Coordinadora do Departamento de Música e Danza, tres profesionais do sector, que ostentarán a condición de vogais e unha persoa do cadro de persoal da Axencia, que exercerá as funcións de secretaría da comisión, con voz e sen voto.

A condición de vogal da comisión ten carácter persoal e declararán baixo responsabilidade que non incorren nalgunha das causas de abstención previstas na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

7. Comprobación de datos

Para a tramitación deste procedemento, consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos que obren en poder da Administración actuante ou que fosen elaborados polas administracións públicas:

- NIF ou NIE da persoa solicitante.
- NIF ou NIE da persoa representante.

AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIAS
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES
Cidade da Cultura de Galicia, Monte Gaiás, s/n
15707 Santiago de CompostelaT. 881 99 60 77 / 78
agadic@xunta.gal / <https://industriasculturais.xunta.gal>



- NIF da entidade solicitante.
- Certificado de estar ao día no pagamento das obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria.
- Certificado de estar ao día no pagamento coa Seguridade Social.
- Certificado de estar ao día no pagamento de obrigas coa comunidade autónoma.
- Certificado de estar dado de alta no imposto de actividades económicas, na epígrafe/subepígrafe que corresponda, no exercicio actual

No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo de forma expresa na solicitude que han de achegar coa documentación.

8. Criterios de avaliación

A puntuación máxima que pode recibir unha solicitude é de 30 puntos.

A comisión valorará as solicitudes e realizará un informe coa puntuación acadada por cada unha en función dos seguintes criterios:

- Calidade da proposta. Ata un máximo de 12 puntos.

Valorarase a singularidade, a innovación, a proposta artística no seu conxunto, tendo en conta os aspectos artísticos, estilísticos e visuais e de posta en escena.

- Exportabilidade e comercialización a nivel internacional. Ata 10 puntos

Valorarase a viabilidade do proxecto, a súa capacidade de crecemento, o seu potencial para expandirse a novos mercados.

- Adaptabilidade a tipoloxía de programadores presentes en Focus. Ata 8 puntos

Valorarase a adecuación da proposta aos profesionais presentes e aos eventos que representan ou xestionan.

9. Resolución do procedemento de selección

A presente convocatoria termina mediante resolución do director da Agadic que declare os dez proxectos seleccionados segundo o informe da comisión de valoración.

Constituirase unha lista de agarda con aquelas solicitudes que, cumprindo os requisitos para ser seleccionados, non acaden puntuación suficiente para estar entre os 10 primeiros.

[AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS](#)
[CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES](#)
Cidade da Cultura de Galicia, Monte Gaiás, s/n
15707 Santiago de CompostelaT. 881 99 60 77 / 78
agadic@xunta.gal / <https://industriasculturais.xunta.gal>



Esta lista se constituirá por orde de prelación de maior a menor respectando á valoración efectuada pola comisión de valoración.

10. Obrigas da Agadic

A Agadic obrígase a:

1. Dispoñer dos equipamentos e servizos técnicos, escenario, *backline* básico para o correcto desenvolvemento da actuación dos proxectos seleccionados.
2. Abonar aos artistas/ grupos seleccionados unha remuneración en concepto de caché de 150 € máis o IVE por cada intérprete da formación.
3. Difundir e darlles publicidade a Focus Galicia e ao programa de *showcases*.
4. Abonar os dereitos de autor que resulten como consecuencia da realización dos *showcases*.
5. Asegurar a presenza dun máximo de 25 programadores profesionais para cada un dos *showcases*.

11. Obrigas xenéricas das persoas seleccionadas

Os artistas ou grupos seleccionados, ademais das obrigas establecidas no artigo 65 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e daquelas outras específicas desta convocatoria, quedan obrigados a:

1. Realizar un *showcase* dunha duración máxima de 30 minutos, entre o 22 e o 24 de outubro de 2023, no lugar, data, horario e duración que considere a Agadic.
2. Executar o proxecto musical presentado e seleccionado pola Agadic nesta convocatoria.
3. Utilizar os equipos técnicos, *backline* e persoal técnico facilitado pola Agadic e adaptarse as condicións técnicas establecidas.
4. Asumir os costes de desprazamento e calquera outro gasto adicional relacionado co *showcase*.
5. Acreditar a alta na Seguridade Social o día da actuación de todos os membros da formación.
6. Estar en posesión dos dereitos de autor do proxecto presentado para a súa interpretación.
7. Participar nunha rolda de prensa conxunta de presentación do programa Focus Galicia.
8. Autorizar a gravación en vídeo e a toma de fotografías da súa participación para o libre uso da Agadic con fins promocionais.

[AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS](#)
[CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES](#)
Cidade da Cultura de Galicia, Monte Gaiás, s/n
15707 Santiago de Compostela T. 881 99 60 77 / 78
agadic@xunta.gal / <https://industriasculturais.xunta.gal>



12. Pagamento

Para poder realizar o pagamento descrito na base 8, o artista ou grupo deberá remitir unha factura, unha vez efectuado o *showcase*, coa que achegará as altas na Seguridade Social das persoas que integran a formación e calquera outra documentación acreditativa que lle sexa requirida por Agadic.

A Entidade deberá presentar as súas facturas a través das plataformas electrónicas habilitadas para o efecto, preferentemente o Sistema Electrónico de Facturación da Xunta de Galicia (SEF) (Orde 12.2.2010-DOG 16.2.2010), - https://factura.conselleriadefacenda.es/eFactura_web/?idReceptor=REC_1489 - indicando os seguintes datos:

SISTEMA ELECTRÓNICO DE FACTURACIÓN DA XUNTA DE GALICIA		NIF	Q6550009B
PLATAFORMA ESTATAL Códigos DIR3	Oficina Contable Departamento xestor	Agadic	A12024999
	Unidade Tramitadora	Administración	GE0011288
	Código interno SEF	0592	

O acceso ao Sistema Electrónico de Facturación da Xunta de Galicia (SEF) (regulado na Orde do 26 de febreiro de 2015, DOG núm. 50, do 13/03/2015) e á información sobre o mesmo será a través das seguintes URL: <http://conselleriadefacenda.es/factura> ou <http://www.conselleriadefacenda.es/sicon/>

As facturas emitiranse a nome da Axencia Galega das Industrias Culturais, N.I.F. Q6550009B, Cidade da Cultura, Monte Gaiás 15707 -Santiago de Compostela.

13. Información básica en materia de protección de datos de carácter persoal

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic), coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento e a actualización da información e contidos da Carpeta cidadá.



O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme a normativa recollida na ficha do procedemento incluída na Guía de procedementos e servizos, no propio formulario anexo e nas referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>.

Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, circunstancia que se reflectirá no devandito formulario.

Os datos comunicaránselles ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

Co fin de lle dar a publicidade exixida ao procedemento, os datos identificativos das persoas interesadas serán publicados conforme o descrito na presente norma reguladora a través dos distintos medios de comunicación institucionais de que dispón a Xunta de Galicia como diarios oficiais, páxinas web ou taboleiros de anuncios.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.



ANEXO II

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE			
NOME/ RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN			
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
DATOS DE CONTACTO			
TELÉFONO		ENDEREZO ELECTRÓNICO	
A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA			
<p>1. Que os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos, e acepta as condicións e obrigas recollidas nesta convocatoria.</p> <p>2. Que reúne os requisitos sinalados no artigo 2 destas bases reguladoras.</p> <p>3. Que non está incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 71 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.</p> <p>4. Que é a titular lexítima de todos os dereitos de propiedade intelectual da obra e/ou proxecto musical que se presenta ou, se é o caso, que conta coa autorización correspondente para todos os efectos.</p> <p>5. Declaración responsable de que a obra que se presenta é orixinal (non é copia nin adaptación de outra), que non infrinxe dereitos de terceiros, nin sobre ela existen dereitos de publicación por parte de ningunha entidade.</p> <p>6. No suposto de intérpretes, a declaración incluírá que posúe a autorización dos titulares da obra, para a comunicación pública dela mediante actuación musical, reprodución, comunicación e distribución pública.</p> <p>7. Que as persoas integrantes do proxecto musical son as seguintes:</p>			
NOME DO ARTISTA/GRUPO			
COMPOÑENTES DO GRUPO			
NOME		INSTRUMENTO	



Documentación administrativa
<input type="checkbox"/> Documentación que acredite suficientemente a representación de quen asine a solicitude.
<input type="checkbox"/> Alta no réxime xeral de autónomos se a persoa solicitante é persoa física
Documentación técnica
<input type="checkbox"/> Memoria técnica do proxecto máximo 2000 caracteres letra Arial 11
<input type="checkbox"/> Memoria onde se indiquen as redes sociais e os enlaces ás mesmas xunto co número de seguidores.
<input type="checkbox"/> Tres fotos (formato jpg.jpeg 300 ppp)
<input type="checkbox"/> Rider técnico

COMPROBACIÓN DE DATOS Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.	OPÓÑOME Á CONSULTA
DNI/NIE da persoa solicitante	<input type="checkbox"/>
DNI/NIE da persoa representante.	<input type="checkbox"/>
Certificado de estar ao día do pagamento coa Seguridade Social	<input type="checkbox"/>
Certificado de estar ao día no pagamento das débedas coa Administración pública da comunidade autónoma	<input type="checkbox"/>
CONSENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS A persoa interesada autoriza a consulta a outras administracións públicas dos seguintes datos. De non autorizar a consulta, deberá achegar o documento correspondente.	AUTORIZO A CONSULTA
NIF da entidade solicitante.	<input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non
Certificado de estar ao día do pagamento de obrigas tributarias coa AEAT.	<input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non
Certificado de estar dado de alta no imposto de actividades económicas, na epígrafe/subepígrafe que corresponda, no exercicio actual	<input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS	
Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Axencia Galega de Industrias Culturais Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que se deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais incluíranse na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo.
Finalidades do tratamento	

AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIAS
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES
Cidade da Cultura de Galicia, Monte Gaiás, s/n
15707 Santiago de CompostelaT. 881 99 60 77 / 78
agadic@xunta.gal / <https://industriasculturais.xunta.gal>



Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de obrigas legais impostas ao dito responsable (artigos 6.1., letras c) e e) do RXPD e 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais. En concreto, a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de Administración Dixital de Galicia.
Destinatarios dos datos	As Administracións públicas no exercicio das súas competencias.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, no seu caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE					
Lugar e data					
	,	de		de	
NOTA: Encher e converter todos os Anexos a pdf antes de subilos á sede electrónica					

